




## Tertulias Literarias

### PROGRAMACIÓN outubro – decembro 2017

#### Canadá, de Richard Ford



Dell Parsons ten quince anos cando sucede algo que marcará para sempre a súa vida: os seus pais rouban un banco e son detidos. O seu mundo e o da súa irmá xemelga Berner se desmorona nese momento. Cos pais no cárcere, Berner decide fuxir da casa familiar en Montana. A Dell, un amigo da familia axudarlle a cruzar a fronteira canadense coa esperanza de que alí poida reiniciar a súa vida en mellores condicións.

**Entrega: 9 outubro (inicio da tertulia)**  
**Comentario: 23 outubro**

#### Mentiras de mujeres, de Liudmila Ulítskaya



Ao estilo dunha novela por entregas, Ulítskaya proponnos sutís variacións sobre a mentira feminina. Pois, segundo a nosa autora, as mentiras das mulleres distinguiríanse das mentiras dos homes, e estarían case sempre desprovistas de finalidade. Unha obra de talento, aguda observación e orixinal escritura onde se amosa unha gran tenrura cara aos seus personaxes e o ser humano e as súas debilidades.

**Entrega: 23 outubro**  
**Comentario: 6 novembro**

#### Alguien, de Alice McDermott



Os recordos aparentemente dispersos e desordenados de Marie Commeford, a protagonista e narradora desta historia, unha neoirquina de orixe irlandesa, envólvennos nunha tea de araña invisible na que se entretecen a infancia, o espertar sexual, os primeiros amores, a maternidade, a formación dunha familia e a velez. Alice McDermott é gañadora do National Book Award e dúas veces finalista do Pulitzer.

**Entrega: 6 novembro**  
**Comentario: 20 novembro**

#### Lourenço, xograr, de Manuel Portas



Mediado o século XIII, Lourenço, un rapaz, un humilde vilán, soña con ser trovador. Como xograr do cabaleiro Joam García de Guilhade, buscará fortuna nas cortes peninsulares no empeño de que a súa arte sexa recoñecida polos escritores contemporáneos. Nin as burlas, nin os desprezos clasistas, nin as penalidades das continuas viaxes, nin sequera as descalificacións sobre os seus dotes literarios conseguirán vencer a súa férrea vontade.

**Entrega: 20 novembro**  
**Comentario: 11 decembro**

#### Intemperie, de Jesús Carrasco



Un neno escapado de casa, escoita os berros dos homes que lle buscan. Cando a partida pasa, o que queda ante el é unha chaira infinita que deberá atravesar se quere afastarse daquilo que lle fixo fuxir. Unha noite, crúzase cun vello cabreiro e xa nada será igual para ningún dos dous. *Intemperie* narra a fuxida dun neno a través dun país castigado pola seca e gobernado pola violencia.

**Entrega: 11 decembro**  
**Comentario: 15 xaneiro**